

INSTRUCCIÓN DO 15 DE MARZO DE 2016 POLA QUE SE REGULA A PREVENCIÓN E REDUCCIÓN DA MOROSIDADE NA UNIVERSIDADE DE VIGO EN RELACIÓN AS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saida Nº. 201600004535
15/03/2016 09:27:37

1.-Antecedentes:

A Universidade de Vigo ven realizando actividades para usuarios finais nos ámbitos deportivos e culturais. A ferramenta informática que xestiona estas actividades denomínase Deporxest e foi actualizada pola Resolución Xerencial do 3 de xuño de 2015.

A Universidade de Vigo emite facturas aos diferentes tipos de clientes e xestiona directamente os cobros correspondentes. Nos últimos exercicios estanse a detectar un maior número de casos de falta de pago, o que incrementa o índice de morosidade por este concepto.

2.-Medidas para a prevención e redución da morosidade.

Para mellorar a prevención da morosidade e evitar o seu incremento establécense as seguintes medidas:

2.1-Non se poderá permitir a inscricións a cursos, obradoiros, reserva de pistas deportivas,... a empresas ou terceiros que teñan unha débeda de calquera tipo coa Universidade de Vigo cos seguintes límites alternativos:

-a débeda esixible teña unha antigüidade superior a 4 meses ou

-o importe da débeda esixible sexa superior a 200,00€ (douscentos euros) IVE excluído.

Exemplo: un usuario que teña unha débeda de 150€ que leve catro meses ou máis sen pagarse non poderá volver a participar nunha actividade ata que pague a débeda.

Se a débeda é inferior a 200€ (douscentos euros) ou ten unha antigüidade inferior aos 4 meses poderanse asinar novos contratos ou modificar os presentes.

Para elo o Servizo de Extensión Universitaria actualizará os controis dos programas informáticos para dar cabida á presente instrución.

2.2-O Servizo de Extensión Universitaria será o responsable de cobrar a débeda, realizando as tarefas que se lle soliciten para acadar unha recadación total do importe contratado. Así mesmo, é o responsable de comunicar calquera incidencia ou modificación na execución das reservas ou actividades ao Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería. Será o Xefe do Servizo de Extensión Universitaria o encargado de organizar estas tarefas.

A Xerencia proporcionará a axuda precisa en casos extraordinarios para logra-la efectiva recadación das débedas.

2.3-Aqueles responsables que permitisen a participación de usuarios en actividades, e que ditos usuarios non pagasen de maneira reiterada as cuotas devengadas poderán incorrer en prohibición de promover, dirixir ou participar en novas actividades nun período de entre seis meses e un ano.

2.4-Non se poderán establecer relacións comerciais con usuarios ou persoas xurídicas que presenten morosidade (de acordo cos límites do punto 2.1) sen autorización expresa da Xerencia.

Neste sentido, a Universidade de Vigo informará as administracións competentes das débedas destas persoas co fin de logra-la efectiva recadación das mesmas, o que poderá implicar unha inhabilitación para contratar perante a administración pública ou procedementos de recadación executiva.

Vigo, 15 de marzo de 2016

O Xerente


Manuel Fernández Jauregui

SR. XEFE DO SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
SR. VICERREITOR DO CAMPUS DE PONTEVEDRA
SR. VICERREITOR DO CAMPUS DE OURENSE
SR. XEFE DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO
SRA. XEFA DO SERVIZO DE CONTABILIDADE, ORZAMENTOS E TESOURERÍA
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA E CONTRATACIÓN